



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

*Travesa dos Basquiños, 9, baixo*

*15.704 Santiago de Compostela*

*Tfno e fax: 981-570099*

*Correo-e: [adega@adega.gal](mailto:adega@adega.gal)*

*Páxina electrónica: [www.adega.gal](http://www.adega.gal)*

Á DIRECTORA XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA  
Sra. Verónica Tellado Barcia

**ESCRITO DE DENUNCIA**

**RECHEOS DE CHARCAS NA ZEC “AS CATEDRAIS” E NA ÁREA PRIORITARIA  
PARA A AVIFAUNA AMEAZADA DE RIBADEO**

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, en representación da antedita entidade,

EXPÓN os seguintes feitos que son obxecto de DENUNCIA,

1. Que no Concello de Ribadeo, parroquia de A Devesa (Santalla) –ver anexos e coordenadas– estanse a desenvolver arestora unhas obras consistentes no recheo con materiais xeolóxicos de dúas charcas, ao parecer antigos ocos de canteiras rexenerados naturalmente. As obras eliminaron totalmente a superficie inundada dunha das charcas e ameazan con facelo na outra.
2. Que no caso dunha das charcas estes recheos estanse a producir dentro do ZEC-LIC-Monumento Natural “As Catedrais” (cód. ZEC ES1120005) e noutro nas súas proximidades, a escasos 200 metros da charca anterior, fóra da ZEC mais dentro dunha área prioritaria para a avifauna ameazada (Ribadeo).
3. Que a perda de superficie encharcada afecta, por unha banda, ás especies residentes nestes espazos, que como no caso dos anfibios *Hyla arborea* (vulberábel segundo o Decreto 88/2007 polo que se establece o Catálogo Galego de Especies Ameazadas) e *Alytes obstetricans* (Anexo IV Directiva 92/43 CEE, de interese comunitario que require protección estricta), teñen presenza confirmada, así como *Triturus marmoratus* (Anexo IV Directiva 92/43 CEE), *Lissotriton boscai* e *Lissotriton helveticus*, de presenza probábel. Por outra banda, e dado que estas dúas charcas son das poucas presentes na rasa litoral na Mariña, semella tamén evidente a afección ás aves invernantes e en paso, nunha contorna declarada área prioritaria para a avifauna ameazada (Resolución da DXCN de 28 de novembro de 2011).

**FUNDAMENTACIÓN LEGAL (Galiza):**

1. Sobre a ocupación dun espazo parte da Rede Natura 2000:

**a) Protección da Lei 9/2001, de Conservación da Natureza, e do Decreto 72/2004:**

A Lei 9/2001, de Conservación da Natureza, no seu artigo 16 inclúen aos espazos da Rede Natura entre as Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, para as que se dispón:

*“2. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos.*

*“Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da Consellería de Medio Ambiente.”* (artigo 16.2 da Lei 9/2001).

Nisto mesmo ven a incidir tamén o citado Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais:

*“1. Dacordo co establecido no artigo 16.2º da Lei 9/2001, do 21 de Agosto, de conservación da natureza, os usos e actividades que se viñan realizando nestes espazos e que non vulneren os seus valores naturais, pódense seguir levando a cabo, do xeito tradicional.*

*“2. A realización de actividades non previstas anteriormente e que poidan poñer en perigo os valores naturais que xustifican a protección destes espazos **requerirán autorización previa** da Consellería de Meio Ambiente.”* (artigo 2 do Decreto 72/2004)

**b) Protección no Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran ZEC os LICs de Galiza e se aproba o Plano director da Rede Natura 2000:**

Artigo 60) Infraestruturas e obras, , 3) Normativa xeral,

c) Usos e actividades autorizábeis

*4º) As accións sobre o solo que impliquen movementos de terra, como dragados, defensa de ríos e rectificación de canles, construcións en socalcos, desmontes, recheos e outras análogas, sempre e cando se desenvolvan de acordo ao artigo 6 da Directiva 92/43/CEE e ao artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e que segundo as súas características sexan sometidas ao procedemento de avaliación de impacto ambiental conforme a Lei 21/2013, do 9 de decembro.*

**c) Protección da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do meio rural de Galiza:**

Por disposición do artigo 32.f) desta Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de Decembro, os espazos protexidos pertencen á categoría de solo rústico de protección de espazos naturais:

*“f) Solo rústico de protección de espazos naturais, constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da Lei 9/2001, de conservación da natureza, ou da lexislación reguladora de espazos naturais, a flora e a fauna. Igualmente terán a dita consideración os terreos que os instrumentos de ordenación do territorio, as normas provinciais de planeamento ou o planeamento urbanístico consideren necesario protexer polos seus valores naturais, ambientais, científicos ou recreativos.”*

Nesta categoría de solo rústico **necesitan de autorización autonómica:**

*“Os relacionados no apartado 1, letra a), e no apartado 2, letras e), f) e l), do artigo 33 desta Lei, así como as actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e desfrute do meio natural, e os que se poidan establecer a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non impliquen a transformación da súa natureza rústica e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección”.* (artigo 39.2 da Lei 9/2002, modificada pola lei 15/2004) e son usos prohibidos *“todos os demais, especialmente os usos residenciais e industriais”.* (artigo 39.2 da Lei 9/2002, modificada pola lei 15/2004).

Os recheos que denunciamos son precisamente dos usos que, en calquera caso, precisan de autorización autonómica, por vir definido no artigo 33, apartado 1, letra a):

*“a) Accións sobre o solo ou o subsolo que impliquen movemento de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos, rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas”.* (artigo 33.1 da Lei 9/2002).

Por todo o anteriormente exposto,

ADEGA SOLICITA desta Dirección Xeral que realice as inspeccións e trámites oportunos para verificar a legalidade das actuacións denunciadas, e no seu caso, proceder a súa inmediata paralización e ao inicio do/s correspondente/s expediente/s sancionador/es.

Compostela, 12 de agosto de 2015

Asdo. Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SRA. DIRECTORA XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA**

# ANEXO I

Fotografías e localización:



Charca 1:



Charca 2:

